



ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN.

2. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN ESCRITOR.

3. OBXECTIVOS, CONTIDOS, ACTIVIDADES E CRITERIOS DE AVALIACIÓN NO PROCESO DE MADURACIÓN E PREPARACIÓN POR NIVEIS NA ETAPA EDUCACIÓN INFANTIL:

✚ **4º EDUCACIÓN INFANTIL (3 ANOS).**

✚ **5º EDUCACIÓN INFANTIL (4 ANOS).**

✚ **6º EDUCACIÓN INFANTIL (5 ANOS).**

4. OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN GRADUADOS POR NIVEIS NA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

✚ **PRIMEIRO E SEGUNDO NIVEL DE PRIMARIA.**

✚ **TERCEIRO E CUARTO NIVEL DE PRIMARIA.**

✚ **QUINTO E SEXTO NIVEL DE PRIMARIA.**



PLAN ESCRITOR

1. XUSTIFICACIÓN:

O igual que a lectura a escritura convértese nunha ferramenta básica para a educación do noso alumnado, o fomento da escritura vai a conseguir potenciar de maneira directa a capacidade lectora do alumnado se consideramos que todo o exercicio da escritura debe ter como finalidade a lectura para darlle un sentido e unha finalidade real, a comunicación. O noso plan vai dirixido a potenciar as prácticas docentes hacia actividades donde se priorice a creación de textos, a construción creativa e o uso da lingua como instrumento de aprendizaxe e mellora na competencia comunicativa-lingüística.

2. OBXECTIVOS XERIAS DO PLAN ESCRITOR:

1. Entender a escritura como unha fonte de expresión de coñecemento e de enriquecemento lingüístico e persoal imprescindible na nosa sociedade da información.
2. Profundizar no dominio da escritura, ortografía, gramática, léxico, estruturas e destrezas básicas (escribir, ler escoitar), para que o alumnado seña competente na creación de textos propios.
3. Desenvolver a capacidade de planificar a acción de transmitir opinións, desexos, mensaxes e pensamentos claros e coherentes.
4. Desenvolver en cada nivel actividades que desenvolvan competencias que fomenten unha axeitada escritura, coa forma axeitada e facendo uso das normas gramaticais e sintácticas que se van adquirindo dun xeito eficaz e fluído.
5. Exercitar a escritura de diferentes tipos de textos empregando a forma axeitada a cada tipo de texto: exposición, mapa conceptual, esquemas, contos, textos científicos, cómics...
6. Asimilar as estratexias de escritura (procesos metacognitivos): consultar modelos, buscar referentes cercanos, impresións, dialogar sobre o escrito...



7. Espertar a sensibilidade, a imaxinación e a creatividade mediante a escritura, así como a facultade de razoar con capacidade crítica sobre as mensaxes, as formas e a calidade dos escritos.
8. Profundizar no coñecemento e no uso das normas ortográficas e gramaticais.
9. Animar a produción propia de textos sinxelos a partir da observación de modelos e estimular o gusto por compartir estas creacións individuais.
10. Favorecer o uso continuo e autónomo da biblioteca para que o alumnado se familiarice coas súas normas de uso e os seus fondos, e a considere un espazo privilexiado de aprendizaxe e disfrute.
11. Incentivar un achegamento as novas tecnoloxías que permita obter e seleccionar información pertinente e empregala como unha vía complementaria de acceso á escritura.
12. Promover a aplicación do plan a través das propostas ou actividades concretas de escritura en todas as áreas curriculares de Educación Infantil e Primaria.

3. PROCESO DE MADURACIÓN E PREPARACIÓN POR NIVEIS NA ETAPA DE E. INFANTIL

4º EDUCACIÓN INFANTIL (3 AÑOS)

OBXECTIVOS

- Desenvolver as súas habilidades comunicativas orais.
- Iniciarse na comprensión do significado de palabras e frases.
- Pronunciar sons, sílabas e palabras de forma axeitada á súa idade.
- Ampliar o vocabulario.
- Comprender a relación entre a linguaxe oral e a súa representación gráfica.
- Recoñecer palabras moi significativas da súa contorna.
- Comezar a descubrir as posibilidades que ofrece a lectura como fonte de pracer.



- Progresar na motricidade fina.
- Sentir gusto e interese por participar en representacións teatrais.

CONTIDOS

Linguaxe Oral.

1. Exercicios de respiración.
2. Exercicios de articulación de fonemas e sílabas.
3. Exercicios de vocalizacións a partir de xogos.
4. Exercicios de motricidade bucofonatoria.
5. Exercicios xestuais.
6. Aprendizaxe de rimas, poemas, retahílas, cancións, etc
7. Dramatizacións.
8. Preguntas e respostas.
9. Órdes orais.
10. O Conto.

Linguaxe Escrita

1. Inicio á escritura espontánea a través do seu propio nome, o dos compañeiros/as e palabras significativas.
2. Desenvolvemento de hábitos posturais axeitados.
3. Pinza dixital.
4. Desenvolvemento da motricidade grosa e fina a través de diversas técnicas e materiais (picado, modelado de plastilina, pintura de dedos, ceras grosas, estampaxe, rasgado de papel).
5. Grafomotricidade a través do trazo vertical, horizontal, curvo, inclinado...
6. Direccionalidade: de arriba a abaixo e de esquerda a dereita.



Lectura

1. Lectura de imaxes.
2. Recoñecemento do seu nome e dalgúns compañeiros, ademais dalgunhas palabras significativas ao final do curso.
3. Lectura, por parte da/o mestra/e de contos, poesías e adiviñas.
4. Escoita e atención á lectura de contos por parte do/a mestre/a ou de compañeiros/as.
5. Utilización da biblioteca de aula.
6. Préstamo de libros.

ACTIVIDADES

- Préstamo de libros: A partir do segundo trimestre realizarase, todos os venres, o préstamo de libros da biblioteca de aula. Os nenos levarán contos da aula para leros en casa coas familias.
- Xogo cos nomes do alumnado cos que terán que realizar diferentes actividades encamiñadas a familiarizarse co seu propio nome e cos dos seus compañeiros/as.
- Recuncho da biblioteca: Neste recuncho haberá libros relacionados coas unidades didácticas e libros de intereses ou necesidades dos nenos e nenas, que poidan xurdir ao longo do curso.
- Biblioteca do centro: Visitarase a biblioteca do centro con frecuencia para achegar aos nenos ao mundo dos libros (saber estar, gozar, ver outro tipo de libros...).
- Representación de contos: A través das diferentes maneiras de expresión: oral, escrita, plástica, musical, dramatización, monicreques, representacións nas aulas, os contos que escoitamos.
- Lectura de contos: As mestras/es lerán un conto da biblioteca de aula, do centro, ou mesmo os que traian os propios nenos/as das súas casas, co fin de traballar a atención, escoita, memoria, vocabulario...sempre favorecendo o gusto pola lectura.



- Audición de contos: Utilización de novas tecnoloxías para a audición de contos: DVD, presentacións multimedia, etc.
- Saídas á biblioteca municipal.
- Visita a contacontos , teatros... que oferten as distintas institucións.
- Mochila viaxeira e libro viaxeiro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- ✓ Comprender e executar mensaxes e ordes orais sinxelas.
- ✓ Memorizar poemas moi curtos.
- ✓ Participar en conversacións, contos e adiviñas.
- ✓ Coñecer e ampliar o vocabulario.
- ✓ Observar e secuenciar imaxes.
- ✓ Interpretar e discriminar viñetas e pictogramas.
- ✓ Reproducir grafías.
- ✓ Recoñecer palabras significativas.
- ✓ Dramatizar contos e poemas.

5º EDUCACIÓN INFANTIL (4 ANOS)

OBXECTIVOS

- Comprender as intencións e mensaxes que lle comunican nenos/as e adultos.
- Expresar sentimentos, ideas e desexos axustándose progresivamente aos diferentes contextos.
- Comprender e reproducir algúns textos de tradición cultural.
- Discriminar auditivamente fonemas e palabras sinxelas.



- Interesarse na linguaxe escrita e valorala como instrumento de información e pracer.
- Comprender a relación entre a linguaxe oral e a súa representación gráfica.
- Ler, interpretar e producir imaxes como forma de comunicación e goce.
- Aprender e interpretar ruídos, sons, audicións e cancións.
- Progresar no coñecemento das calidades sonoras da voz: articular e vocalizar.
- Discriminar intensidade e timbre de sons de instrumentos cotiáns e instrumentos musicais.
- Recoñecer e discriminar sons e ruídos da vida cotiá.
- Iniciarse en técnicas de relaxación, respiración, interpretación de escenas.
- Dramatizar as súas propias vivencias.
- Sentir gusto e interese por participar en representacións.

CONTIDOS

Linguaxe Oral

1. Discriminación auditiva de sons vocálicos e consoánticos aillados.
2. Discriminación auditiva do son dentro das palabras.
3. Mensaxes orais.
4. Textos orais de tradición cultural: poemas, contos, adiviñas, trabalinguas, refráns, cancións.
5. Vocabulario sobre distintas situacións , contextos e centros de interese.
6. Letreiros, viñetas.
7. Lectura de imaxes.



Linguaxe Escrita

1. Grafomotricidade a través de trazos de crecente dificultade, por exemplo a onda, espiral, etc.
2. Iniciación ao trazo das diferentes grafías vocálicas, tanto en maiúscula como en minúscula.
3. Debuxo libre e debuxo que representa situacións cotiás.
4. Pictogramas.

Lectura

1. Presentación e lectura de textos de diferentes tipos significativos para eles e elas como cartas, notas informativas.
2. Biblioteca de aula e de centro, así coma a realización de préstamos dos libros.

ACTIVIDADES

- Lectura de contos, poesías, trabalinguas, cancións, rimas...: lectura dun conto da biblioteca de aula, da biblioteca do centro e mesmo os que traian o alumnado das propias casas, co fin de traballar a atención, a escoita, memoria, vocabulario, sempre favorecendo o gusto pola lectura.
- Realización de contos: tomando como punto de partida calquera momento especial, como os momentos significativos, as cancións, os proxectos...

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar, comprender e executar mensaxes orais sinxelas.
- Memorizar poemas e relatos breves.
- Escoitar, preguntar, participar en conversacións, contos, resolver adiviñas.
- Discriminar auditivamente fonemas e palabras.
- Expresar sentimentos, ideas, desexos de forma clara, comprendendo diferentes contextos.
- Ler, interpretar e producir imaxes como unha forma de comunicación.



- Observar e secuenciar imaxes.
- Iniciarse no uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación para desenvolver e favorecer a aprendizaxe.
- Dramatizar contos, poemas, vivencias...

6º EDUCACIÓN INFANTIL (5 ANOS)

OBXECTIVOS

- Comprender as intencións e mensaxes que lle comunican outros nenos e adultos, valorando a linguaxe oral como un medio de relación cos demais.
- Expresar sentimentos, ideas e desexos mediante a linguaxe oral, axustándose progresivamente aos diferentes contextos e interlocutores.
- Comprender, reproducir e recrear algúns textos de tradición cultural, mostrando actitudes de valoración e gusto cara a eles.
- Favorecer o gusto e goce pola lectura.
- Ler, interpretar e producir imaxes, identificando os elementos básicos da súa linguaxe.
- Utilizar as normas que rexen o intercambio lingüístico e sinais extra-lingüísticos para reforzar o significado das súas mensaxes.
- Aproximar aos nosos alumnos e alumnas á linguaxe escrita.
- Achegar aos nosos alumnos e alumnas á lectura e escritura de diferentes tipos de textos.
- Recoñecer palabras significativas na contorna que rodea ao neno (carteis, tendas...).
- Dotar aos nenos e nenas das competencias necesarias para a aprendizaxe da lectura e a escritura.
- Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para mellorar coñecementos e habilidades.



CONTIDOS

Linguaxe oral

1. Discriminación auditiva de sons aislados.
2. Discriminación auditiva de sons dentro das palabras.
3. Iniciación nas consoantes, introducindo sons e posteriormente o nome do fonema correspondente.
4. Mensaxes orais.
5. Expresión de sentimentos, ideas e desexos.
6. Textos de tradición cultural.: poemas, contos, adiviñas, trabalinguas, refráns
7. Vocabulario sobre diferentes situacións de comunicación, contextos e centros de interese.
8. Pictogramas.
9. Letreiros e viñetas.

Linguaxe escrita

1. Reforzo dos conceptos traballados en 4 anos e ampliación da grafomotricidade a través de trazos con dificultade crecente, como grecas.
2. Iniciación ao trazo das diferentes grafías consonánticas en maiúsculas e dalgunhas minuscúlas.
3. Escritura de palabras significativas para eles/as a través da copia.
4. Iniciación ao ditado con grafías illadas e palabras. O final do curso algúns serán capaces de escribir palabras espontáneamente.
5. Direccionalidade: esquerda-dereita.
6. Linealidade.
7. A sílaba, grupo fónico que compón a palabra.
8. As letras que conforman a palabra.
9. Libro de imaxes.



10. Os contos.

11. Os cómics.

12. O xornal.

13. O ordenador.

Lectura

1. As mesmas actividades que en 4 anos.

2. Identificación de consoantes en maiúscula dentro das palabras e como fonemas aislados e recoñecemento de algunhas minúsculas.

3. Lectura de palabras cos fonemas traballados e de frases con axuda do mestre/a.

4. Actitude positiva ante a biblioteca escolar e o empréstimo de libros.

ACTIVIDADES

- Lectura de contos: As profesoras, todos os días, lerán un conto da biblioteca de aula, do centro, ou mesmo os que traian os propios nenos das súas casas, co fin de traballar a atención, escoita, memoria, vocabulario, sempre favorecendo o gusto pola lectura.
- Realización de diferentes actividades a partir do conto: dramatizacións, debuxos, inventar novos finais, cambiar os personaxes, elaboración de títeres do conto...

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- ✓ Identificar, comprender e executar mensaxes orais sinxelas.
- ✓ Memorizar pequenos contos, cancións, poemas e relatos.
- ✓ escoitar, preguntar, participar en conversacións, contos, resolver adiviñas, estruturando axeitadamente as frases.
- ✓ Discriminar auditivamente fonemas e palabras.



- ✓ Expresar sentimentos, ideas, desexos de forma clara, comprendendo diferentes contextos.
- ✓ Ler, interpretar e producir imaxes como unha forma de comunicación.
- ✓ Interpretar e discriminar pictogramas e viñetas.
- ✓ Observar e secuenciar imaxes.
- ✓ Reproducir grafías.
- ✓ Percibir diferenzas entre palabras longas e curtas.
- ✓ Recoñecer e contar os golpes de voz de cada palabra.
- ✓ Iniciarse no uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación para desenvolver e favorecer a aprendizaxe.
- ✓ Dramatizar contos, poemas, vivencias...

1. **ETAPA EDUCACIÓN PRIMARIA**

PRIMEIRO E SEGUNDO NIVEL DE PRIMARIA

OBXECTIVOS

- Comprender as ideas expresadas en textos orais (contos, lendas, poemas, adiviñas...) relacionándoas coas propias ideas e experiencias.
- Comprender un texto axeitado a súa idade.
- escoitar e comprender a expresión oral dos demais.
- Comprender e empregar axeitadamente o léxico apropiado a súa idade en diferentes situacións.
- Representar e recitar pequenos textos orais coa articulación, entoación e ritmo axeitado, de forma comprensiva e expresiva dacordo con seus usos e as normas da modalidade lingüística.
- Empregar correctamente as estruturas lingüísticas básicas.
- Escribir textos sinxelos e breves empregando oracións curtas e as normas da modalidade lingüística.



- escoitar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñas, cancións, contos, trabalinguas...)
- Valorar estas expresións como un feito enriquecedor.
- Expresarse oralmente de maneira clara, narrando experiencias propias, ideas, situacións reais e imaxinativas...
- Aceptar as achegas dos demais, respectando as normas do intercambio comunicativo de forma activa.
- Participar en diálogos, conversacións, charlas de clase, etc., respectando as normas que facilitan o intercambio comunicativo (esperar o momento de intervención, respectar as opinións dos demais, etc.).
- Utilizar os coñecementos de lecto-escritura para a comprensión de textos e o intercambio de experiencias e sentimentos.
- Comprender o sentido global de textos de nivel adecuado e responder, oralmente e por escrito, a preguntas que demostren dita comprensión.
- Ler con entoación, pronuncia e ritmo axeitado.
- Iniciarse na adquisición do hábito e o gusto pola lectura.
- Adquirir o vocabulario relacionado cos temas traballados.
- Desenvolver a lecto-escritura de todos as fonemas da lingua.
- Asociar o son á grafía correspondente.
- Trazar as grafías coa direccionalidade correcta.
- Enlazar de forma correcta as grafías.
- Separar as palabras axeitadamente.
- Distinguir sílabas, palabras e oracións.
- Elaborar frases con claridade.
- Escribir correctamente, aplicando as normas de ortografía:
- Uso de maiúscula, m diante de p e b, uso de bl, br, uso de r suave e forte.



- Diferenciación g e j, escritura de go, ga, gu, gue, gui, güe, güi, palabra con z, c e qu, uso de signos de interrogación e admiración.
- Ser capaz de comprender e producir textos sinxelos nos que se utilice a linguaxe verbal e o non verbal (música, imaxe, etc.) cunha intención comunicativa determinada, respectando certa organización temporal, espacial e lóxica na confección dos mesmos.
- Ler e escribir con certa corrección diversos tipos de textos adecuados á súa idade: descrições, narracións, diálogos, cartas, poemas, trabalinguas, adiviñas, etc.
- Empregar a linguaxe como instrumento de aprendizaxe para memorizar, anotar, preguntar, comprender, responder.
- Expresar por escrito correctamente textos sinxelo (contos, diálogo , ritmo).

CONTIDOS

Os contidos que se propoñen para este ciclo son os seguintes:

Conceptos:

PRIMEIRO CURSO

1. Os fonemas.
2. As palabras e as sílabas.
3. As frases.
4. Contos.
5. Adiviñas.
6. Trabalinguas.
7. Panxoliñas.
8. Poesías.
9. Cancións.
11. Afianzamento do proceso lecto-escritor.



- 12. Escritura de frases: dadas dúas palabras, dadas palabras desordenadas.**
- 13. Escritura de contos, cartas e diálogos.**
- 14. Descricións relacionadas coas unidades didácticas traballadas.**
- 15. O artigo: o, a, un, unha.**
- 16. Diminutivos: ño-, ña.**
- 17. O xénero: masculino e feminino.**
- 18. O artigo: un, unha, uns, unhas.**
- 19. Adxectivos cualificativos.**
- 20. Os nomes propios.**
- 21. Familias de palabras.**
- 22. Oracións interrogativas e exclamativas**
- 23. Sinónimos e antónimos.**
- 24. Singular e plural.**

SEGUNDO CURSO

- 1. Textos escritos.**
- 2. Textos orais.**
- 3. Contos.**
- 4. Adiviñas.**
- 5. Tralalinguas.**
- 6. Poesías.**
- 7. Cancións.**
- 8. Formación de palabras a partir das sílabas.**
- 9. Escritura de frases: dadas dúas palabras, palabras desordenadas.**



10. Escritura de contos, cartas, diálogos e textos breves.

11. Iniciación á rima.

12. Adxectivos.

13. Artigos.

14. Concordancia.

15. Verbos.

16. Uso do punto e cómaa.

17. Signos de interrogación e exclamación.

18. Suxeito e predicado.

19. Pronombres.

ACTIVIDADES

- Interrelación entre os códigos oral e escrito: discriminación dos sons das palabras e correspondencia dos fonemas coas súas grafías.
- Respostas a preguntas sobre a lectura.
- Lectura comprensiva de diferentes textos escritos.
- Lectura e memorización de retahílas e cancións.
- Manifestacións persoais sobre libros lidos.
- Pronuncia correcta.
- Interpretación de signos de puntuación para dar sentido e expresividade á lectura.
- Copia e ditado de frases e textos.
- Comprensión de textos orais e escritos en distintas situacións de comunicación.



- Uso das habilidades lingüísticas e regras interactivas adecuadas na comunicación cos demais (conversación, diálogo, descrición, narración, etc.) e na comunicación escrita.
- Produción de textos orais e escritos referidos a distintas situacións e intencións comunicativas: expresar vivencias, sentimentos e ideas; transmitir informacións, describir situacións reais ou imaxinarias, describir, narrar, etc., experimentando as posibilidades creativas que brindan a linguaxe oral e o escrito.
- Adquisición dun vocabulario básico.
- Recitar e representación oral de textos literarios e non literarios: cancións, chistes, trabalinguas, onomatopeias, etc.
- Transformación de oracións afirmativas en negativas.
- Recoñecemento e uso de oracións interrogativas e exclamativas.
- Cambios de palabras polos seus sinónimos e antónimos.
- Uso de aumentativos e diminutivos.
- Orde de frases desordenadas.
- Articulación correcta dos sons e sílabas de acordo coa ortografía natural.
- Identificación e uso das normas sintácticas, morfolóxicas e ortográficas simples nas producións orais e escritas.
- Ampliación de vocabulario, explicación do significado de palabras coñecidas e identificación de familias de palabras.
- Lectura de textos, tanto literarios como non literarios.
- Resumo das ideas fundamentais dun texto dado, respectando a secuencia argumental.
- Manifestación de opinións persoais sobre os textos escoitados e lidos.
- Produción de textos propios a partir dun comezo dado, dun final ou dun título.
- Comprensión de mensaxes que utilicen unha linguaxe non verbal, anuncios, historietas debuxadas, interpretación de xeroglíficos, de cancións, etc.



- Producción de mensaxes.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Observarase se o alumnado:

- Comprende as ideas expresadas en textos orais (contos, lendas, poemas, cancións, adiviñas, etc.).
- Relaciona as ideas expresadas en textos orais coas propias ideas e experiencias.
- Recita textos orais con articulación, ritmo e entoación adecuados e de forma comprensiva e expresiva.
- Recita textos orais de acordo cos usos e as normas da modalidade lingüística da propia comunidade.
- Expón oralmente de maneira clara as súas experiencias, as súas ideas e sentimentos.
- Expresa oralmente situacións reais ou imaxinarias.
- Participa en diálogos, conversacións, charlas de aula, etc., respetando as normas que facilitan o intercambio comunicativo: pide a palabra, intervéncando corresponde, escoita as intervencións dos seus compañeiros e compañeiras, expón as súas razóns para explicar o seu comportamento e os seus gustos.
- Emprega os seus coñecementos de lecto-escritura para comprender textos e intercambiar ideas e sentimentos. Comprende o sentido global de textos de nivel axeitado.
- Responde, oralmente e por escrito, a preguntas sobre o sentido global de textos escritos.
- Le textos coa articulación, o ritmo, a fluidez, a expresividade e a seguridade necesarios.
- É capaz de extraer algunha información específica achega do texto lido: identifica personaxes, explica o argumento e interpreta as instrucións das actividades.
- Le e escribe todos os fonemas da lingua.



- Asocia grafía e son.
- Discrimina uns fonemas doutros.
- Distingue sílabas, palabras e oracións.
- Escribe coa direccionalidad axeitada.
- Enlaza correctamente a grafía.
- Elabora frases coherentes.
- Escribe axeitadamente aplicando as normas de ortografía do ciclo.
- Redacta textos breves (narracións, notas, etc.) coas grafías axeitadas, os signos de puntuación correspondentes e as palabras separadas.
- Presenta os escritos de forma clara e limpa.
- Comprende e produce textos sinxelos nos que se utiliza a linguaxe verbal e o non verbal (música, imaxe, etc.), e detecta e manifesta unha intención comunicativa determinada.
- Interese por participar en comentarios colectivos de lectura.
- Valoración do texto literario escrito como fonte de información, de aprendizaxe e diversión.
- Respeta certa organización temporal espacial e lóxica na confección de textos propios.
- Le e escribe con certa corrección diversos tipos de textos: descricións, narracións, diálogos, poemas, cartas, trabalinguas, etc.
- Emprega de forma habitual os libros como medio de diversión e goce, dentro e fóra da aula.
- Ordena frases e secuencias desordenadas.
- Recoñece palabras que expresan accións, nomes, calidades, etc.
- É capaz de percibir reflexións elementais sobre a importancia da linguaxe, do seu uso axeitado e das súas regras.



TERCEIRO E CUARTO NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS

1. Ler un texto coa pronuncia, o ritmo e a entoación axeitada .
2. Desenvolver o pracer de ler e utilizar a lectura como fonte de información, diversión e de aprendizaxe e como medio de perfeccionamiento, enriquecemento lingüístico e persoal.
3. Comprender mensaxes orais e escritos,interpretándoos con actitude crítica.
4. Expresarse oralmente e por escrito de forma coherente, tendo en conta as características das diferentes situacións de comunicación, os aspectos normativos da lingua, utilizando o léxico axeitado e potenciando o uso creativo da lingua.
5. Recitar un poema en parellas con entoación e coordinación axeitada ao nivel.
6. Extraer a información dun texto, diferenciando as ideas principais das secundarias.
7. Valorar e interpretar o contido de textos lidos.
8. Dramatizar diálogos e poesías.
9. Memorizar retahílas, refráns, frases feitas ,adiviñas, trabalinguas, cancións...
10. Inventar historias a partir dunhas palabras dadas, dunha situación.
11. Cambiar o final dunha historia.
12. Poñer título a un texto.
13. Describir e interpretar imaxes.
14. Anticiparse á historia para partir do título ou a ilustración.
15. Recoñecer os diferentes tipos de textos literarios.
16. Formular e responder preguntas sobre un texto lido.
17. Entender a lectura como fonte de pracer, información, aprendizaxe e enriquecemento lingüístico.
16. Facer fincapé na comprensión lectora desde todas as áreas curriculares.



CONTIDOS

Conceptos

- Lectura.
- Vocabulario.
- Expresión escrita.
- Ortografía.
- Gramática.
- Expresión oral.

ACTIVIDADES

1. Lectura do texto en voz alta coa velocidade e entoación axeitadas.
2. Respostas razoadas ás preguntas formuladas para facilitar a comprensión do texto.
3. Manexo do dicionario.
4. Elaboración de definicións sinxelas.
5. Identificación de exemplos de linguaxe verbal, xestual e de símbolos.
6. Busqueda de situacións nas que se dan diferentes tipos de comunicación.
7. Representación e dramatización.
8. Lectura grupal por personaxes dun texto dialogado.
9. Selección das ideas máis importantes dunha lectura.
10. Comentario guiado sobre a lectura.
11. Recitar historias, diálogos, noticias, poemas, cancións, etc.
12. Orde cronolóxica para narrar un suceso ou situación.
13. Descrición de persoas, animais, obxectos, lugares e situacións.



Actitudes

1. Respeto e interese cara aos textos lidos.
2. Valoración da lectura como fonte de coñecemento, información e pracer.
3. Actitude de escoita.
4. Actitude de respecto ante as achegas dos demais.
5. Interese por expresarse oralmente e por escrito.
6. Actitude de colaboración, respecto e responsabilidade na realización de tarefas en grupo.
7. Valoración da creatividade para inventar narracións, retahílas, poemas, cancións...
8. Valoración da biblioteca como recurso na procura de información e como fonte de coñecemento.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Le o texto coa entoación, ritmo e velocidade axeitada.
2. Responde axeitadamente a preguntas a preto do contido do texto.
3. Le fragmentos de textos dialogados ou dramáticos coa entoación e expresividade axeitados.
4. Le un poema en parella alternando cada verso co seu/súa compañeiro/a.
5. Dramatiza os diálogos e poesías coa entoación axeitada, empregando todas as posibilidades do seu corpo.
6. Extrae a información e analiza o texto.
7. Memoriza, completa e recita retahílas, refráns, adiviñas, cancións...
8. Inventa historias traballándoas de diferentes maneiras.
9. Describe e interpreta imaxes.
10. Recoñece os diferentes tipos de textos literarios.



11. Formula e responde preguntas sobre un texto lido.
12. Entende a lectura como fonte de pracer, información, aprendizaxe e enriquecemento lingüístico.

QUINTO E SEXTO NIVEL DE EDUCACION PRIMARIA

OBXECTIVOS

1. Ler textos con velocidade, comprensión, entoación e profundización propicias para a súa idade.
2. Producir diversos textos: descritivos, narrativos, poéticos...
3. Comprender discursos orais e escritos e interpretalos con actitude crítica.
4. Desenvolver habilidades e destrezas lectoras como recoñecer as ideas principais dun texto, resumo do lido; diferenciar o real do imaxinario...
5. Espertar no alumnado o interese e pracer pola lectura.
6. Desenvolver estratexias para ler con fluidez.
7. Utilizar estratexias de comprensión lectora para obter información.
8. Apreciar o valor dos textos literarios e empregar a lectura como fonte de disfrute e información.
9. Dominar as regras básicas de ortografía.
10. Usar o dicionario, empregando a lectura para ampliar o vocabulario.
11. Ler e traballar (de forma oral ou escrita) polo menos dez libros ao finalizar o ciclo.
12. Usar a biblioteca de aula e centro con regularidade.
13. Xerar e desenvolver a sensibilidade, a creatividade e o sentido crítico na produción de textos.
14. Expresar acontecementos por escrito de forma xerarquizada respetando os diferentes aspectos normativos da lingua.
15. Empregar a lingua escrita como medio para intercambiar ideas, experiencias e sentimentos; adoptando unha actitude respetuosa ante as achegas dos demais.



16. Usar a lingua escrita como medio para analizar valores e prexuízos clasistas, racistas, sexistas, etc...
17. Respetar e potenciar a necesidade de corrección gramatical, de coherencia e cohesión textuais na produción de textos.
18. Usar a escritura como estratexia para facilitar a memorización e seguimento na recapitulación e revisión dun texto..
19. Realizar lecturas como medio de potenciar unha reflexión construtiva, sendo capaz de extraer as ideas principais.
20. Xerarquizar ideas principais, secundarias, en diferentes tipos de textos.
21. Experimentar o pracer da lectura e o interese pola mesma como medio de desenvolvemento persoal.
22. Empregar estratexias de comprensión de textos como a diferenciación de apartados, subapartados,...
23. Consultar fontes de información paralelas (dicionarios, manuais)
24. Empregar estratexias como o subliñado de ideas principais, a realización de esquemas de contidos, resumos...para facilitar a comprensión dos textos.

CONTIDOS

- . Textos literarios e non literarios.
- . A prosa e o verso.
- . Os xéneros: narración, conto, a lírica: métrica e rima.
- . O romancero.
- . O teatro.
- . Regras ortográficas aplicadas ás producións realizadas.
- . Diferentes tipos de palabras (homófonas, polisémicas, derivadas...)
- . Contidos gramaticais propios do nivel: adxectivo, pronomes...
- . Análise e crítica de textos.
- . Técnicas: subliñado, selección de ideas principais, esquemas, resumos...



. Fontes de información :o dicionario, libros de consulta,enciclopedias.,prensa...

ACTIVIDADES

- Distinguir diferentes tipos de texto: narrativo, descritivos...
- Organizar ideas de forma organizada.
- Realizar un libro viaxeiro a nivel de centro cunha temática común.
- Empregar e usar diferentes signos de puntuación nun texto segundo sexa necesario.
- Manexar libros de consulta como dicionarios, manuais, prensa...
- Escribir diferentes tipos de textos, frases...mantendo a forma verbal na súa forma axeitada.
- Facer ditados e correccións en base ao mesmo.
- Facer resumos de diferentes tipos de textos.
- Falar de acontecementos que para eles resulten significativos.
- Analizar, resumir e realizar comentarios de diferentes tipos de textos; literarios e non literarios.
- Realizar lecturas encadeadas.
- Ler de forma individual e reflexiva.
- Recompoñer e organizar textos.
- Reproducir contos, poemas, cancións, noticias...
- Igual que o anterior pero a partir dun texto, unha idea, unha ilustración, unha imaxe común para todo o alumnado.
- Traballar sobre vocabulario propio das diferentes lecturas realizadas.
- Anticipación da lectura.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Distinguir na produción de textos e na lectura as ideas principais e secundarias, feitos comprobables e opinións...



2. Establecer as relacións respectivas e revisar o contido de diferentes tipos de textos.
3. Narrar de forma escrita feitos reais, imaxinarios...
4. Describir obxectos, escenas, personaxes e paisaxes con realismo e de forma poética.
5. Expoñer de forma escrita opinións, argumentos, diálogos, etc...
6. Producir textos escritos empregando as estruturas textuais como lendas, diarios...
7. Aplicar con corrección as normas gramaticais das palabra e das oracións, así como os procedementos de cohexión.
8. Elaborar individualmente e en grupo esquemas e guións de composicións.
9. Manifestar, expoñer e xustificar preferencias e opinións na selección de lecturas literarias.
10. Comentar en textos dos medios de comunicación escritos os trazos e expresións que manifesten discriminación social, racial e sexual.
11. Ler expresivamente, memorizar e reproducir textos de carácter literario e non literario co ritmo e a entoación axeitadas.
12. Responder de forma axeitada a cuestións acerca da lectura dun texto.
13. Empregar estratexias de comprensión e interpretación de textos como o subliñado, a relectura, a consulta no dicionario, a procura de información complementaria en fontes diversas, a elaboración de esquemas de contido, etc...

Este plan foi aprobado na reunión ordinaria polo Claustro celebrada o 29 de Xuño de 2017 e Consello escolar do CEIP Campomaioir reunidos o de 29 de Xuño de 2017.